



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

# LU

# ROMÁNICO

# GO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

Ancares · Courel · Sarria





# LU

# ROMÁNICO



3

Ancares · Courel · Sarria





DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO







DEPUTACIÓN  
DE LUGO



**Edita**  
60RÁFAGAS

**Fotografía**  
Pepe Tejero  
Roberto Díaz


**Texto**  
Miguel Mendoza

**Diseño e maquetación**  
Pepe Tejero

**Tradución ao inglés**  
Gl e Gasalla

**Dirección do proxecto**  
Gloria Tejero  
Daniel Díaz

**Deseño web**  
Ángel Boquete

**Colabora**  
Diocesis de Lugo 

**Impresión**  
Unicopia

Reservados todos os dereitos. Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningún xeito ou por calquera medio, xa sexa mecánico, electrónico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do copyright.



CONTENIDOS  
viamagicas



Depósito Legal: LU 96-2022



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

# LU ROMÁNICO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



### Presentación

Tamén nas alturas dos Ancares e do veciño Courel deixou obras o Románico, que penetrou con intensidade na comarca de Sarria para poboa de templos as súas parroquias durante a segunda metade do século XII. Artesáns, mestres de obras, monxes beneditinos, cabaleiros da Orde de Malta e camiñantes percorreron eses vales e esas fermosas paisaxes de montaña. Todos tiveron o seu papel nesta historia de crenzas e santuarios de pedra, algúns deles erguidos sobre restos de construcións prerrománicas que ás veces eran castros, ás veces templos e ás veces mesmo fortalezas.

Nas neves do Cebreiro trouxéronlles ás igrexas torres traídas polos monxes franceses de Aurillac, e nas cristas de Doncos e Carbedo erixíronse feroces baluartes que hoxe admíranse como sobreviventes da arquitectura defensiva dos séculos románicos. De San Pedro de Hospital e Penamaior, noutrora espléndidos conxuntos monásticos, chegounos boa parte da beleza, como nos chegou a singular portada de San Martiño de Berselos e a maxestade dese San Xulián de Samos que xa leva varias vidas vividas.

A profusión de igrexas do estilo en Sarria, pola súa parte, parece deberse a unha viva actividade na zona cara ao ano 1200. Erguidos, polo xeral, nas proximidades da ruta xacobeá, os seus monumentos foron tratados con desigual fortuna polo tempo, pero segue a ser moi notable a cantidade de elementos medievais que permanecen nas parroquias sarriás.

Trátase, outra vez, de achegarse a contemplar a historia, a beleza e o misterio.







Chega xa á imprenta a terceira entrega do proxecto editorial da Deputación de Lugo de guías dedicadas ó patrimonio románico da provincia. Nesta ocasión, percorrendo os monumentos dos Ancares, O Courel e Sarria, unha entrega que, estou seguro, vai recibir a mesma boa acollida entre os lectores que xa tiveron as dúas entregas precedentes, sobre o románico da Ribeira Sacra e da Ulloa.

Unha vez máis, a calidade das imaxes e a concreción e a amenidade dos textos, converten estas páxinas nunha publicación moi versátil. Unha Guía que podemos desfrutar lendo na casa, ou que pode acompañarnos en calquera viaxe pola provincia de Lugo. A variedade e abundancia do noso patrimonio románico convérteno nun elemento moi interesante, non só para fomentar o turismo que vén de fóra, senón para estimular o turismo interior, eses pequenos desprazamentos de fin de semana que nos serven para descubrir os tesouros que temos preto.

Estas páxinas vannos levar por un percorrido cheo de contrastes, que amosa a infinita capacidade das formas do románico para mimetizarse coas paisaxes da nosa provincia. No alto dos montes, as construcións civís como a Torre de Doncos ou o Castelo do Carbedo parecen unha prolongación das formas da natureza.

Nalgúns casos, os templos máis modestos, lembran na súa planta ás formas castrexas, coas pequenas igrexas como San Tomé de Lebruxo encintadas por un muro ovalado que inclúe o camposanto. Noutros, a exuberancia dos grandes mosteiros, como o de Penamaior en Becerreá e, sobre todo, o mosteiro de Samos, son testemuña da puxanza de Lugo naquel tempo.

A forza do Camiño sementa de igrexas toda a zona, pero os canteiros atopan ás veces igrexas prerrománicas sobre as que aportan as modificacións, como é o caso de Santa María A Real en Pedrafitas do Cebreiro, e templos como o de San Salvador de Sarria apuntan xa á chegada das formas do gótico.

Sarria é sen dúbida un dos puntos de referencia no Camiño de Santiago. A súa distancia de 100 quilómetros con Compostela convértea no punto de partida que moitos peregrinos e turistas elixen para iniciarse na ruta xacobeá ou para repetir sequera un tramo dunha experiencia que lles satisfizo anteriormente.

Os Ancares e O Courel contan tamén cun importante fluxo de visitantes que acoden atraídos polas súas paisaxes de montaña e pola conservación do seu patrimonio cultural e etnográfico. Un patrimonio que foi recoñecido dun xeito especial o ano pasado, cando un proxecto da Deputación para a recuperación dos soutos tradicionais de castiñeiros da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, foi galardoado coa Copa de España Creativa.

Como sempre me gusta destacar, temos que coídar e protexer o noso patrimonio, como unha herdanza que recibimos da Historia e da Natureza que debemos deixar ás xeracións posteriores. Pero, xunto con esa obriga ineludible e co valor que o patrimonio ten en si mesmo, o seu coidado e promoción son factores de desenvolvemento para a nosa provincia.

O turismo evoluciona cada vez máis buscando rutas diferentes, o contacto coa natureza e as experiencias inesquecibles. As persoas escapan da masificación e buscan os lugares máxicos, as paisaxes, a gastronomía local, os pequenos ou grandes monumentos menos coñecidos. E poucos lugares se adaptan mellor a estas demandas que as terras do Courel, dos Ancares e de Sarria. Así que espero que esta guía, non só nos permita a todos e todas coñecer mellor o noso románico, senón que se converta nun elemento máis para xerar ese efecto chamada co que queremos impulsar o turismo e a economía na provincia de Lugo.



**José Tomé Roca**  
Presidente da Deputación de Lugo





DEPUTACIÓN DE LUGO



**[12-17] A Fonsagrada**

Santa María de Lamas de Moreira  
Santa María de Vilabol de Suarna  
Santa María Madanela da Proba de Burón

**[24-27] Baleira**

Santa Mariña de Librán  
San Pedro da Esperela

**[38-49] Becerreá**

Mosteiro de Penamaior  
San Cosme de Ouselle  
San Pedro de Cadoalla  
San Remixio de Liber  
Santa Mariña de Vilouta

**[56-73] O Incio**

San Pedro Fiz do Hospital  
San Cristovo da Cervela  
San Vicenzo de Rubián de Cima  
San Xulián de Santalla de Bardaos  
Santa María de Goñ  
San Mamede de Vilasouto  
San Tomé de Castelo de Somoza

**[82-93] Samos**

Mosteiro de San Xulián de Samos  
San Román de Lousada  
Santo Estevo de Reiriz  
Santa María de Montán  
Santalla de Pascais

**[94-99] Triacastela**

Igrexa de Santiago  
San Salvador de Toldaos  
San Cristovo de Cancelo

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

**As Nogais [18-23]**

Santo André das Nogais  
Torre de Doncos

**Baralla [28-37]**

San Martiño de Berselos  
Capela dos Remedios de Sobrado de Picato  
Santiago de Covas  
San Tomé de Lebruxo  
Santo Estevo de Pousada  
San Miguel de Neira de Rei

**Folgo do Courel [50-55]**

Castelo de Carbedo  
San Pedro de Esperante  
Santa María de Meiraos

**Pedrafita do Cebreiro [74-81]**



Santa María a Real  
San Xán do Hospital  
San Lourenzo de Pacios  
Santo Estevo de Liñares

**Sarria [100-139]**

San Salvador de Sarria  
San Fiz de Vilapedre  
San Miguel de Biville  
San Miguel de Goián  
San Pedro de Seteventos  
San Pedro Fiz de Reimóndez  
San Pedro de Froián  
San Sadurniño de Ferreiros  
San Salvador de Vilar de Sarria  
San Vicenzo de Betote  
San Xulián de Chorente  
Santa María de Albán  
Santa María de Belante  
Santa María de Corvelle  
Santiago de Barbadelo  
Santiago de Requeixo  
Santo André de Paradela  
Santo Estevo de Calvor  
Santo Estevo de Lousadela



DEPUTACIÓN DE LUGO



- 15 Santa María de Lamas de Moreira [A Fonsagrada]
- 16 Torre de Doncos [As Nogais]
- 17 Santa Mariña de Librán [Baleira]
- 18 San Martiño de Berselos [Baralla]
- 19 Mosteiro de Penamaior [Becerreá]
- 20 San Pedro de Esperante [Folgo do Courel]
- 21 San Pedro Fiz do Hospital [O Incio]
- 22 Santa María a Real [Pedrafita do Cebreiro]
- 23 Mosteiro de San Xulián de Samos [Samos]
- 24 Igrexa de Santiago [Triacastela]
- 25 San Salvador de Sarria [Sarria]





SANTA  
MARÍA de  
LADAS de  
MOREIRA



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

de

de



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



GOOGLE MAPS



# SANTA MARÍA DE LAMAS DE MOREIRA

16 [1-2-3]  
XANELA DA ÁBSIDA  
CANZORRO  
VISTA XERAL

Polas terras verdes da Fonsagrada entra en Galicia o chamado Camiño Primitivo de Santiago. Non moi lonxe ao sur, no fondo dun val, erixiuse nalgún momento do século XII o templo románico de Santa María, que chegou ata nós con algunhas reformas realizadas no XVIII que afectaron, sobre todo, ao lado meridional da nave. Ese muro sur foi case totalmente derrubado para levantar unha arcada, e a fachada oeste cambiou de cara cun pórtico de tres arcos e unha espadana no alto. Daquelas modificacións saíu a ábsida, que conserva unha fábrica orixinal tamén visible en fragmentos do costado norte e un pequeno tramo do lado oposto.



A cabeceira, percorrida por canzorros na súa parte superior, presenta unha certa diferenza de altura e anchura entre o tramo recto e o semicircular, algo que unido á cachotería propia da rexión dá un aspecto particular ao exterior do templo. No interior chama a atención a deformación do arco triunfal, e o mesmo ocorre coa ventá central da ábsida, neste caso por un peculiar capitel que amosa un cuadrúpede mordendo a unha das serpes que se enroscan ao redor do seu corpo.

**ESP** Por las tierras verdes de A Fonsagrada penetra en Galicia el llamado Camino Primitivo de Santiago. A no mucha distancia hacia el sur, en lo profundo de un valle, se erigió en algún momento del siglo XII el templo románico de Santa María, que nos ha llegado con unas cuantas reformas realizadas en el XVIII que afectaron, sobre todo, al lado meridional de la nave. Ese muro sur fue casi completamente demolido para levantar una arcada, y la fachada oeste cambió de rostro con un pórtico de tres arcos y una espadana en lo alto. Se salvó de aquellas modificaciones el ábside, que conserva una fábrica original también apreciable en fragmentos del costado norte y una pequeña sección del lado opuesto.

La cabecera, recorrida por canecillos en su parte superior, presenta cierta diferencia de altura y anchura entre el tramo recto y el semicircular, algo que junto a la mampostería propia de la región da un aspecto particular al exterior del templo. En el interior resulta llamativa la deformación del arco triunfal, y lo mismo ocurre con la ventana central del ábside, en este caso por un peculiar capitel que muestra a un cuadrúpedo mordiendo a una de las serpientes que se enroscan en su cuerpo.

**ENG** Through the green lands of A Fonsagrada, the so-called Camino Primitivo de Santiago enters Galicia. Not far to the south, in the depths of a valley, the Romanesque temple of Santa María was erected at some point in the 12th century, which has come down to us with a few reforms carried out in the 18th century that affected, above all, the southern side of the nave. That south wall was almost completely demolished to build an arcade, and the west façade changed face with a three-arched portico and a belfry at the top. The apse, which preserves an original fabric also visible in fragments on the north side and a small section on the opposite side, was saved from those modifications.

The head, crossed by corbels in its upper part, presents a certain difference in height and width between the straight section and the semicircular section, something that, together with the masonry typical of the region, gives a particular aspect to the exterior of the temple. Inside, the deformation of the triumphal arch is striking, and the same happens with the central window of the apse, in this case due to a peculiar capital that shows a quadruped biting one of the snakes that coil around its body.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



SANTA  
MARÍA  
DE  
VILABOL  
DE  
SUARNA

GOOGLE MAPS



1 5 [4]  
VISTA XERAL

**B**aixo a cal que cobre os muros de Santa María, e a pesar das obras que ao longo dos séculos foron alterando o aspecto do templo, quedan os restos e a traza románica dunha edificación que quizais foi alzada no século XIII. O pórtico engadido á súa fachada occidental e as estancias anexas á nave conviven hoxe coas antigas pedras da ábsida e a sobriedade dos seus cancorros labrados no medievo.

**ESP** Bajo la cal que cubre los muros de Santa María, y a pesar de las obras que a lo largo de los siglos fueron alterando la fisonomía del templo, permanecen los restos y la traza románica de un edificio que quizá fue alzado en el siglo XIII. El pórtico añadido a su fachada occidental y las dependencias adosadas a la nave conviven ahora con las viejas piedras del ábside y la sobriedad de sus canchillos tallados en el Medievo.

**ENG** Under the lime that covers the walls of Santa María, and despite the works that over the centuries have been altering the appearance of the temple, the remains and the Romanesque trace of a building that was perhaps erected in the 13th century remain. The portico added to its western façade and the rooms attached to the nave now coexist with the old stones of the apse and the sobriety of its corbels carved in the Middle Ages.

SANTA  
MARÍA  
MADANELA  
DA PROBA  
DE BURÓN

GOOGLE MAPS



1 5 [5]  
VISTA XERAL

**A** igrexa da Proba presenta algunhas semellanzas coa de Vilabol de Suarna: a datación da súa fábrica orixinal corresponde ao Románico tardío, probablemente o século XIII, e as intervencións posteriores alteraron notablemente o edificio medieval. Os seus muros tamén están encalados, ofrecendo un aspecto exterior similar, e os vestixios da primitiva construción localízanse sobre todo na ábsida semicircular, de menor altura que a nave e cunha sacristía pegada a un dos seus lados.

**ESP** La iglesia de A Proba guarda algunas semejanzas con la de Vilabol de Suarna: la datación de su fábrica original corresponde al románico tardío, probablemente el siglo XIII, y las intervenciones posteriores han alterado notablemente el edificio medieval. Sus muros están también encalados, ofreciendo un aspecto exterior similar, y los vestigios de la construcción primitiva se localizan sobre todo en el ábside semicircular, de menor altura que la nave y con una sacristía pegada a uno de sus lados.

**ENG** The church of A Proba bears some similarities to that of Vilabol de Suarna: the date of its original fabric corresponds to the late Romanesque, probably the 13th century and subsequent interventions have notably altered the medieval building. Its walls are also whitewashed, offering a similar exterior appearance, and the vestiges of the primitive construction are located above all in the semicircular apse, which is lower than the nave and with a sacristy attached to one of its sides.





# SANTO ANDRÉ das NOGAIS







**P**reto dos cumes dos Ancares atópase o templo de Santo André, un monumento que foi probablemente precedido por unha construción prerrománica. Segundo unha tradicional teoría, hoxe cuestionada, este edificio anterior puido estar disposto cunha orientación norte-sur, de xeito que a actual porta meridional sería a entrada principal, e a agora capela lateral norte faría de cabeceira. En calquera caso, o templo románico que aproveitou algúns restos desta obra preexistente debeu ser construído no século XIII e amosa xa trazos do nascente gótico, algo apreciable no arco triunfal, claramente apuntado.

As primitivas portas prerrománicas, merecentes de atención, quedaron encaixadas nunha igrexa que alcanzou os nosos días tras unha reforma realizada no século XVIII.

A ábsida, dividida por robustos contrafortes e fatigada por obras e reconstrucións, conserva unha particular fermosura e varios canzorros de interese a pesar da súa rudeza. Un deles amosa unha ave rapaz cunha presa nas garras.

**ESP** Próximo a las cumbres de Os Ancares está el templo de Santo André, un monumento que fue probablemente precedido por una construcción prerrománica. Según una tradicional teoría, hoy cuestionada, esa edificación anterior podría haberse dispuesto con orientación de norte a sur, de forma que la actual puerta meridional habría sido la entrada principal, y la ahora capilla lateral norte habría hecho de cabeceira. De cualquier modo, el templo románico que aprovechó algunos restos de esa obra preexistente debió de levantarse en el siglo XIII y muestra ya trazos del nascente estilo gótico. Es el caso del arco triunfal, claramente apuntado.

Las primitivas puertas prerrománicas, merecedoras de una atención de primera, quedaron encajadas en una iglesia que alcanzó nuestros días tras una reforma realizada en el siglo XVIII.

El ábside, dividido por recios contrafuertes y fatigado por obras y reconstrucciones, conserva una particular hermosura y varios canchillos de interés a pesar de su tosquedad. Uno de ellos muestra un ave rapaz con una presa entre las garras.

**ENG** Close to the peaks of Os Ancares is the temple of Santo André, a monument that was probably preceded by a pre-Romanesque construction. According to a traditional theory, now questioned, this previous building could have been arranged with a north-south orientation, so that the current southern door would have been the main entrance, and the now northern side chapel would have acted as the head. In any case, the Romanesque temple that took advantage of some remains of that pre-existing work must have been built in the 13th century and already shows traces of the nascent Gothic style. This is the case of the triumphal arch, clearly pointed.

The primitive pre-Romanesque doors, worthy of close attention, were embedded in a church that reached our days after a reform carried out in the 18th century.

The apse, divided by strong buttresses and worn out by works and reconstructions, retains a particular beauty and several interesting corbels despite their roughness. One of them shows a predatory bird with prey in its talons.



# SANTO ANDRÉ DAS NOGAIS

16-7  
CANZORROS NA ÁBSIDA  
PORTA SUR







**U**n bastión cuadrangular fincado nun alto e rodeado dunha feroz e fermosa paisaxe de montaña: trátase da emblemática Torre de Doncos, erixida, segundo algunhas teorías, co último alento da Idade Media na porta de entrada a terras galegas. Porén, parece existir un parentesco construtivo entre este baluarte e outras moles militares erguidas no século XI galego, polo que a súa cronoloxía, sobre a que hai poucos datos concluíntes, podería en realidade remontarse a esa centuria.

A torre, que rodeaba unha muralla da que apenas quedan vestixios, pasou por mans dos Valcarce e doutras liñaxes antes de ser abandonada a principios do XVII. Dous séculos despois sería arrasado polas tropas napoleónicas.

A espectacular estampa da construción e dos arredores casa ben coa lenda que lle valeu ao lugar o nome popular de A Grupa. Conta a historia dunha cristiá secuestrada por un sarraceno que, antes de ser capturado, decidiu matar á moza a lombos do seu cabalo.

**ESP** Un baluarte cuadrangular hincado en lo alto de una elevación y rodeado de un feroz y hermosísimo paraje montañoso: es la emblemática Torre de Doncos, erigida, según algunas teorías, con el último aliento de la Edad Media en la puerta de entrada a tierras gallegas. Sin embargo, parece existir un parentesco constructivo entre este bastión y otras moles militares levantadas en el siglo XI gallego, por lo que su cronología, sobre la que hay pocos datos concluyentes, podría realmente remontarse a esa centuria.

La torre, que rodeaba una muralla de la que apenas quedan vestigios, pasó por las manos de la familia Valcarce y de otras estirpes antes de quedar abandonada a principios del XVII. Dos siglos más tarde sería arrasado por las tropas napoleónicas.

La espectacular estampa del baluarte y el entorno se aviene con la leyenda que le valió al lugar el nombre popular de A Grupa. Cuenta la historia de una cristiana secuestrada por un sarraceno que, antes de ser capturado, decidió degollar a la muchacha a lomos de su caballo.

**ENG** A quadrangular bastion perched on top of an elevation and surrounded by a fierce and beautiful mountainous landscape: it is the emblematic Torre de Doncos, erected, according to some theories, with the last breath of the Middle Ages at the gateway to Galician lands. However, there seems to be a constructive relationship between this bastion and other military towers built in the 11th century in Galicia, so its chronology, on which there is little conclusive data, could actually date back to that century.


The tower, which surrounded a wall of which there are hardly any vestiges, passed through the hands of the Valcarce family and other lineages before being abandoned at the beginning of the 17th century. Two centuries later it would be razed to the ground by Napoleonic troops.

The spectacular image of the bastion and the surroundings agree with the legend that earned the place the popular name of A Grupa. It tells the story of a Christian woman kidnapped by a Saracen who, before being captured, decided to slaughter the girl on the rump of his horse.



## TORRE DE DONCOS

16 [8-9-10]  
VISTA DO BALUARTE  
CONTORNO NATURAL







# SANTA MARIÑA de LIBRÁN





SANTA  
MARIÑA  
DE  
LIBRÁN  
DEPUTACIÓN  
DE LUGO

GOOGLE MAPS




11 [11]  
VISTA DA ÁBSIDA

Do que foi en tempos unha igrexa románica só quedan en Santa Mariña a traza e, posiblemente, algúns fragmentos da fábrica da ábsida. O templo actual, con muros de cachotería encalada, unha torre unida á nave polo oeste e capela semicircular exenta de canzorros e ornamentos, ten unha factura moi sinxela e está rodeado por un adro. No seu interior hai unha gran pía bautismal granítica de posible orixe medieval.

**ESP** De lo que en tiempos fue un templo románico solo quedan en Santa Mariña la traza y, posiblemente, algunos fragmentos de la fábrica del ábside. La actual iglesia, con muros de mampostería encalada, una torre unida a la nave por el oeste y cabecera semicircular exenta de canecillos y ornamentos, presenta una factura muy sencilla y está rodeada por un atrio. En su interior se encuentra una gran pila bautismal granítica de posible origen medieval.

**ENG** Of what was once a Romanesque temple, only the trace remains in Santa Mariña and, possibly, some fragments of the structure of the apse. The current church, with whitewashed masonry walls, a tower attached to the nave to the west and a semicircular head free of corbels and ornaments, has a very simple design and is surrounded by an atrium. Inside there is a large granite baptismal font of possible medieval origin.



SAN  
PEDRO  
DA  
ESPERELA



GOOGLE MAPS




12-13 [12-13]  
VISTA XERAL  
CANZORROS

Dice a tradición que, hai doce séculos, o exército de Afonso II o Casto enfrontouse ás hostes musulmás en Esperela. Moito tempo despois, quizais cara ao 1200, construíriase aquí un templo románico do que o edificio actual só conserva fragmentos no tramo recto da cabeceira, con algúns canzorros de factura bastante ruda. O resto da construción procede case enteira do século XVIII, cando se reconstruíu o templo segundo consta nunha inscrición na fachada.

**ESP** Dice la tradición que, hace doce siglos, el ejército de Alfonso II el Casto se enfrentó en Esperela a las huestes musulmanas. Mucho tiempo después, quizá hacia 1200, se levantaría aquí un templo románico del que el edificio actual solo conserva fragmentos en el tramo recto de la cabecera, con algunos canecillos de factura más bien tosca. El resto de la construcción proviene casi enteramente del siglo XVIII, cuando se rehizo el templo según acredita una inscripción de la fachada.

**ENG** Tradition says that, twelve centuries ago, the army of Alfonso II el Casto confronted the Muslim hosts in Esperela. A long time later, perhaps around 1200, a Romanesque temple would be built here, of which the current building only keeps fragments in the straight section of the head, with some rather rough corbels. The rest of the construction comes almost entirely from the 18th century, when the temple was rebuilt, according to an inscription on the façade.







DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

# SAN MARTÍN de BERSELOS



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



# SAN MARTIÑO DE BERSELOS

GOOGLE MAPS



**[14-15-16]**  
PORTA OESTE  
CAPITEL  
VISTA XERAL

O de Berselos é un interesante exemplo de Románico rural tardío que foi levantado, seguramente, entre finais do século XII e principios do seguinte. As exuberantes arquivoltas do seu portal oeste, de gran singularidade, abrazan un tímpano cuxa escena segue a xerar algunhas dúbidas aos estudosos. Na súa parte central hai un *Agnus Dei* coa cruz, e a man da divindade aparece no alto sinalando a figura axeonllada no lado esquerdo. Tanto esta como a planta representada no extremo oposto admitiron diversas interpretacións.

Tamén resultan relevantes os capiteis do conxunto, con formas vexetais, e a inscrición no plinto dunha das columnas que atribúe a obra a Pelaxio. Sobre a porta, na mesma fachada occidental, ábrese unha fiestra románica.

A fábrica é de cachotería, e unha serie de canzorros simples percorren a altura da nave e a máis escasa da ábsida semicircular, cuxa parte interior garda unhas notables pinturas murais descubertas a principios deste século.

**ESP** El de Berselos es un interesante ejemplo del románico rural tardío que fue levantado, seguramente, entre el final del siglo XII y el principio del siguiente. Las exuberantes arquivoltas de su portada oeste, de gran singularidad, abrazan un tímpano cuya escena sigue planteando algunas dudas a los estudiosos. En su parte central hay un *Agnus Dei* con la cruz, y la mano de la divinidad aparece en lo alto señalando la figura arrodillada del lado izquierdo. Tanto esta como la planta representada en el extremo opuesto han admitido interpretaciones diversas.

También resultan relevantes los capiteles del conjunto, con formas vegetales, y la inscripción que en el plinto de una de las columnas atribuye la obra a Pelagio. Sobre la portada, en esa misma fachada occidental, se abre un ventanal románico.

La fábrica es de mampostería, y una serie de canecillos simples recorren la altura de la nave y la más escasa del ábside semicircular, cuya parte interior guarda unas pinturas murales notables que fueron descubiertas a principios de este siglo.

**ENG** The temple of Berselos is an interesting example of late rural Romanesque that was probably built between the end of the 12th century and the beginning of the next. The exuberant archivolts of its west portal, of great singularity, embrace a tympanum whose scene continues to raise some doubts among scholars. In its central part there is an *Agnus Dei* with the cross, and the hand of the divinity appears at the top pointing to the kneeling figure on the left side. Both this and the plant represented at the opposite end have admitted various interpretations. Also relevant are the capitals of the complex, with vegetal forms, and the inscription on the plinth of one of the columns that attributes the work to Pelagius. On the portal, on the same western façade, a Romanesque window opens.

The fabric is made of masonry, and a series of simple corbels run along the height of the nave and along the lower semicircular apse, whose inner part houses some remarkable mural paintings that were discovered at the beginning of this century.





CAPELA  
DOS  
REMEDIOS  
DE  
SOBRADO  
DE PICAÇO

GOOGLE MAPS



18 [17]  
VISTA XERAL

**A** ábsida románica que hoxe forma parte desta capela estivo, en tempos, unida a unha nave de superior altura e volume. As obras da estrada que atravesa o lugar levaron por diante a maior parte dunha edificación que debeu ser levantada no século XII, e máis tarde construíuse outra nave de pequenas dimensións e factura moderna que quedou desafortunadamente pegada á cabeceira medieval. Permanecen na mesma unha serie de canzorros de labra sinxela.

**ESP** El ábside románico que hoy forma parte de esta capilla estuvo, en tiempos, unido a una nave de superior altura y volumen. Las obras de la carretera que atraviesa el lugar se llevaron por delante la mayor parte de un edificio que debió de erigirse en el siglo XII, y más tarde se construyó otra nave de pequeñas dimensiones y factura moderna que quedó desafortunadamente pegada a la cabecera medieval. Permanecen en esta una serie de canecillos de labra sencilla.

**ENG** The Romanesque apse that today forms part of this chapel was, in times, joined to a nave of greater height and volume. The works of the road that crosses the place carried away most of a building that must have been erected in the 12th century, and later another small nave of modern construction was built and it was unfortunately attached to the medieval head. A series of simple corbels remain in this medieval head.

SANTIAGO  
DE  
COVAS

GOOGLE MAPS



16 [18]  
PORTA OESTE

**D**e finais do século XII é a fábrica orixinal deste templo, que se conserva parcialmente a pesar dos estragos do tempo e dunha reforma realizada arredor de 1600. Daquela época son a actual fachada e o pórtico que protexe a entrada occidental. A igrexa mantén unha ábsida dividida en tres paneis e unha serie de canzorros en desigual estado, pero quizais o máis interesante sexa o arco triunfal, cuxos capiteis amosan pombas comendo duns acios e unha figura que podería ser o profeta Daniel.

**ESP** De finales del XII es la fábrica original de este templo, que se conserva parcialmente a pesar de los estragos del tiempo y de una reforma ejecutada hacia 1600. De esa época son la actual fachada y el pórtico que protege la entrada occidental. La iglesia mantiene un ábside dividido en tres paneles y cierta cantidad de canecillos en desigual estado, pero lo más interesante está, quizá, en el arco triunfal, cuyos capiteles muestran palomas comiendo de unos racimos y una figura que podría ser el profeta Daniel.

**ENG** The original construction of this temple dates from the end of the 12th century, which is partially preserved despite the ravages of time and a reform carried out around 1600. The current facade and the portico that protects the western entrance are from that time. The church maintains an apse divided into three panels and a number of corbels in uneven condition, but perhaps the most interesting feature is the triumphal arch, whose capitals show pigeons eating from bunches of grapes and a figure that could be the prophet Daniel.



SAN  
TOMÉ  
DE  
LEBRUXO

DEPUTACIÓN  
DE LUGO

GOOGLE MAPS



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

18 [19]  
VISTA XERAL

Como a de Covas, a igrexa de San Tomé conta cun pórtico que protexe a súa entrada oeste e unha ábsida de forma semicircular. Pero neste caso falta o xogo de volumes no exterior do edificio, xa que a cabeceira mantén a mesma altura que a nave. Coroa a fachada unha espadaña dun só oco, e un adro rodea a construción ocupando o espazo que noutrora debeu pertencer á parte superior dunha estrutura castrexa.

**ESP** Como la de Covas, la iglesia de San Tomé cuenta con un pórtico que cobija su entrada oeste y un ábside de forma semicircular. Pero en este caso falta el juego de volúmenes en el exterior del edificio, pues la cabecera mantiene la misma altura que la nave. Una espadaña de un solo vano corona la fachada, y un atrio rodea la construcción ocupando el espacio que en su día debió de pertenecer a la parte superior de una estructura *castrexa*.

**ENG** Like the church of Covas, the church of San Tomé has a pórtico that shelters its west entrance and a semicircular apse. However in this case the balance of volumes on the outside of the building is missing, since the head maintains the same height as the nave. A belfry with a single span crowns the façade, and an atrium surrounds the construction, occupying the space that in its day must have belonged to the upper part of a *castrexa* structure.

SANTO  
ESTEVO  
DE  
POUSADA

GOOGLE MAPS



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

18 [20]  
XANELA NO LADO NORTE

De novo é a ábsida, xunto con algúns fragmentos do lado norte da nave, o principal elemento que sobrevivió do edificio románico, posiblemente construído a finais do século XII. Non se conservan canzorros, pero si unha seteira que atravesa a parede setentrional e aparece decorada no exterior con tres pequenos arcos. Tamén son de interese as pinturas, realizadas en épocas renacentistas, que cobren os muros interiores da cabeceira e se estenden ao redor do arco triunfal.

**ESP** Otra vez es el ábside, junto a algunos fragmentos del lateral norte de la nave, el principal elemento que ha sobrevivido del edificio románico, posiblemente levantado a finales del siglo XII. No se conservan canecillos, pero sí una aspillera que atraviesa la pared septentrional y aparece decorada en su exterior con tres pequeños arcos. Son también de interés las pinturas realizadas en épocas renacentistas que cubren los muros interiores de la cabecera y se extienden en torno al arco triunfal.

**ENG** Once again it is the apse, along with some fragments of the north side of the nave, the main element that has survived from the Romanesque building, possibly erected at the end of the 12th century. Corbels are not preserved, but there is an embrasure that crosses the northern wall and appears decorated on the outside with three small arches. Also of interest are the paintings made in Renaissance times that cover the interior walls of the head and extend around the triumphal arch.





A terra na que hoxe descansa o templo de Neira de Rei acolleu antes a un castro e a unha vella fortaleza, e coas pedras desta construíuse, cara ao ano 1200, o templo románico que os séculos renacentistas acabarán modificando. Afectaron esas reformas á fachada e a nave, a cujos laterais foron engadidas varias dependencias. Pero a ábside, cca estrutura habitual dun tramo recto precedendo a outro semicircular, sobreviviu ata hoxe, mantendo na súa parte superior numerosos canzorros de lousa. Aínda que a súa talla non resulta particularmente destra e están afectados polo desgaste, hai entre eles algunhas pezas expresivas e certa variedade temática: representacións de felinos, unha figura simiesca, ornamentos xeométricos, unha cruz e un carneiro únense a outras tallas que amosan formas humanas cun esquematismo máis ou menos acusado.

No interior, un arco tamén renacentista dá acceso á cabeceira, e pódense apreciar pinturas do século XVI cubrindo os muros.

**ESP** La tierra sobre la que hoy reposa el templo de Neira de Rei acogió antes a un castro y a una vieja fortaleza, y con las piedras de esta se levantó, hacia 1200, el templo románico que los siglos renacentistas terminarían modificando. Afectaron esas reformas al frontis y a la nave, a cuyos costados se adosaron varias dependencias. Pero el ábside, con la habitual estructura de un tramo recto precediendo a otro semicircular, ha llegado a nuestros días manteniendo numerosos canchillos de pizarra en su parte superior. Aunque su labra no resulta particularmente diestra y se encuentran afectados por el desgaste, hay entre ellos algunas piezas expresivas y cierta variedad temática: representaciones de felinos, una figura simiesca, ornamentos geométricos, una cruz y un carneiro se unen a otras tallas que muestran formas humanas con mayor o menor esquematismo.

En el interior, un arco también procedente del Renacimiento da acceso a la cabecera, y se pueden apreciar pinturas de siglo XVI cubriendo las paredes.

**ENG** The land on which the temple of Neira de Rei rests today used to house a castro and an old fortress, and with the stones of this the Romanesque temple was built around 1200, which the Renaissance centuries would end up modifying. These reforms affected the front and the nave, to whose sides several rooms were attached. But the apse, with the usual structure of a straight section preceding another semicircular, has survived to the present day maintaining numerous slate corbels on its upper part. Although their carving is not particularly skilful and they are affected by wear, there are some expressive pieces among them and a certain thematic variety: representations of felines, an ape-like figure, geometric ornaments, a cross and a ram are joined to other carvings that show human shapes with more or less schematism.

Inside, an arch also from the Renaissance gives access to the head, and you can see 16th century paintings covering the walls.

GOOGLE MAPS



## SAN MIGUEL DE NEIRA DE REI

18 [21-22-23]  
VISTA AÉREA  
CANZORROS NA ÁBSIDA







# MOSTEIRO de PENAMAIOR





# MOSTEIRO DE PENAMAIOR

GOOGLE MAPS



Un idílico val perdido nas proximidades dos Ancares érguense os restos do que outrora foi mosteiro cisterciense de Penamaior. Especulouse cunha posible orixe do cenobio anterior ao ano 1000, pero a data de fundación máis probable parece situarse no século XII, cando os monxes beneditinos iniciáronse entre os muros do que na centuria seguinte converterase en abadía. Co andar do tempo, Penamaior acabará perdendo esa condición e vendo como o seu peso diminúe ata a excomunión do XIX e a ruína das súas dependencias monásticas.


Si chegou aos nosos días a súa fermosa igrexa, aínda que afectada por un derrube no século XVIII que obrigou a introducir alteracións na estrutura orixinal e a rebaixar a altura das naves. Durante aquelas obras tamén foron recolocados algúns dos elementos románicos, como un rosetón que sorprendentemente quedou aloxado nun dos muros laterais.

Tamén na fachada oeste se aprecian as reformas barrocas e certa asimetría na disposición dos seus ocios que non resta beleza ao conxunto. O seu principal atractivo, en todo caso, é o inhabitual tímpano da portada, con case tantos elementos como interpretacións dos estudosos acerca do seu posible significado. Parece, porén, que a escena reproducida nese espazo podería pertencer ás lendas do ciclo artúrico: o cabaleiro armado da esquerda sería Yvain, e no lado oposto estaría o león que acompaña ao paladín nas súas aventuras despois de ter recibido a súa axuda. O peculiar círculo que ocupa o centro do tímpano representaría unha fonte máxica que forma parte do mesmo relato.

Amosa tamén esta peza unha inscrición que parece referirse á data de fundación do templo, 1166, aínda que a obra desenvolveuse en varias fases construtivas que se axustaron, como é habitual, aos recursos e xerarquía do mosteiro en cada período da súa vida.

A planta desta edificación de pedra de lousa, en cuxa fábrica se alternan cachotería e sillares, é basilical, sen transepto. As tres naves divididas por arcos desembocan nas súas respectivas ábsidas, de modo que existe unha central, máis ampla, e dúas laterais. No exterior, a primeira presenta forma poligonal xunto á semicircular das outras.

No costado norte do templo hai catro ventás de diferentes facturas; unha moderna, outra que responde á ortodoxia románica, unha terceira tamén románica pero alterada por unha intervención posterior, e o citado rosetón, cunha curiosa decoración de pequenas cabezas humanas. Tamén resultan bastante heteroxéneos os canzorros que se dispoñen na parte superior do muro.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

[24-25]  
PORTADA ACHADA OESTE  
X. NI. LA N. I. ESM. FACHADA





**ESP** En un idílico valle perdido en las estribaciones de Os Ancares se alzan los restos de lo que un día fue el monasterio cisterciense de Penamaior. Se ha especulado con un posible origen del cenobio anterior al año 1000, pero la fecha de fundación más probable parece situarse en el siglo XII, cuando los monjes benedictinos se instalan entre los muros de lo que en la centuria siguiente se convertirá en abadía. Andando el tiempo, Penamaior acabará perdiendo esa condición y viendo como su peso disminuye hasta la exclaustración del XIX y la ruina de sus dependencias monásticas.

Sí ha llegado a nuestros días su hermosa iglesia, aunque afectada por un derrumbe en el siglo XVIII que obligó a introducir alteraciones en la estructura original y a rebajar la altura de las naves. Durante aquellas obras se reubicaron además algunos de los elementos románicos, como un rosetón que quedó sorprendentemente alojado en uno de los muros laterales.

También en la fachada oeste se aprecian las reformas barrocas y cierta asimetría en la disposición de sus vanos que no resta belleza al conjunto. Su principal atractivo, en cualquier caso, es el inusual tímpano de la portada, con casi tantos elementos como interpretaciones de los estudiosos acerca de su posible significado. Parece, sin embargo, que la escena reproducida en ese espacio podría pertenecer a las leyendas del ciclo artúrico: el caballero armado de la izquierda sería Yvain, y el lado opuesto estaría el león que acompaña al paladín en sus andanzas tras haber recibido su ayuda. El particular círculo que ocupa

el centro del tímpano representaría una fuente mágica que forma parte del mismo relato. Muestra también esa pieza una inscripción que parece referirse a la fecha de fundación del templo, 1166, aunque la obra se desarrolló en varias fases constructivas que se acompañaron, como es frecuente, a los recursos y la jerarquía del monasterio en cada época de su vida.

La planta de este edificio de piedra pizarrosa, en cuya fábrica se alternan la mampostería y los sillares, es basilical, sin transepto. Las tres naves divididas por arcos desembocan en sus respectivos ábsides, de forma que existe uno central, de mayor anchura, y dos laterales. Al exterior, el primero presenta una forma poligonal junto a la semicircular de los otros.

En el costado norte del templo hay cuatro ventanas de distinta factura; una moderna, otra que responde a la ortodoxia románica, una tercera también románica pero alterada por una intervención posterior, y el rosetón antes mencionado, con una curiosa decoración de pequeñas cabezas humanas. También resultan bastante heterogéneos los canchillos que se disponen en la parte superior del muro.

109 [26-27]

XANELA NO MURO OCCIDENTAL  
ROSETÓN





19 [28-29-30-31-32]  
VISTA XERAL  
LIGNUM CRUCIS  
INTERIOR DA NAVE  
CAPITEIS

**ENG** In an idyllic valley lost in the foothills of Os Ancares stand the remains of what was once the Cistercian monastery of Penamaior. It has been speculated that the origin of the monastery was before the year 1000, but the most likely date of foundation seems to be the 12th century, when the Benedictine monks settled between the walls of what would become an abbey in the following century. As time went on, Penamaior would end up losing that condition as its influence diminished until the expropriation of the 19th century and the ruin of its monastic dependencies.

Its beautiful church has survived to the present day, although it was affected by a collapse in the 18th century that forced alterations to be made to the original structure and the height of the naves to be lowered. During those works, some of the Romanesque elements were also relocated, such as a rose window that was surprisingly housed in one of the side walls.

Baroque reforms and a certain asymmetry in the arrangement of its spans that do not detract from the beauty of the complex can also be seen on the west façade. Its main attraction, in any case, is the unusual tympanum of the portal, with almost as many elements as scholars' interpretations of its possible meaning. It seems, however, that the scene reproduced in that space could belong to the legends of the Arthurian cycle: the armed knight on the left would be Yvain, and on the opposite side would be the lion that accompanies the paladin on his adventures after having received his help. The particular circle in the center of the tympanum would represent a magical fountain that is part of the same story.

This piece also shows an inscription that seems to refer to the date of the foundation of the temple, 1166, although the work was developed in several construction phases that were adapted, as usual, to the resources and hierarchy of the monastery in each period of its life.

The ground plan of this slate stone building, whose construction alternates masonry and ashlars, is basilica-shaped, without a transept. The three naves divided by arches lead to their respective apses, so that there is a central one, wider, and two lateral ones. On the outside, the first one has a polygonal shape next to the semicircular shape of the others.

On the north side of the temple there are four windows of different style; one modern, another that responds to Romanesque orthodoxy, a third that is also Romanesque but altered by a later intervention, and the aforementioned rose window, with a curious decoration of small human heads. The corbels that are arranged in the upper part of the wall are also quite heterogeneous.





SAN  
COSME  
DE  
OUSELLE

GOOGLE MAPS



19 [33]  
VISTA XERAL



DEPUTACIÓN  
DE LUGO


A de Ouselle é unha pequena igrexa rural de raro encanto estético. Cos seus muros de lousa e a súa estrutura románica intacta, parece proceder, como tantas outras construcións, do período de transición entre os séculos XII e XIII. En épocas posteriores engadiuse un pórtico, que precede á fachada oeste, e unha sacristía pegada ao costado da ábsida semicircular. O muro sur e a entrada principal conservan dúas portas con mochetas, e máis dunha vintena de rudos cancorros permanecen nas súas alturas.

**ESP** La de Ouselle es una pequeña iglesia rural de raro encanto estético. Con sus muros de pizarra y su estructura románica intacta, parece provenir, como tantas otras construcciones, de la época de transición entre el siglo XII y el XIII. En tiempos posteriores se añadieron un pórtico, que precede a la fachada oeste, y una sacristía adosada al costado del ábside semicircular. El muro sur y la entrada principal conservan dos puertas con mochetas, y más de una veintena de rudos canecillos permanecen en sus alturas.

**ENG** That of Ouselle is a small rural church of rare aesthetic charm. With its slate walls and its Romanesque structure intact, it seems to come, like so many other constructions, from the transition period between the 12th and 13th centuries. In later times a portico, which precedes the west façade, and a sacristy attached to the side of the semicircular apse were added. The south wall and the main entrance conserve two doors with supports, and more than twenty rough corbels remain on their heights.

SAN  
PEDRO  
DE  
CADOALLA

GOOGLE MAPS



19 [34]  
VISTA XERAL



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

S an Pedro comparte cronoloxía coa igrexa de San Cosme, e como todos os templos de Becerreá atópase nun fermoso entorno. Pero neste caso é moi pouco o que o popular santuario de Cadoalla conserva da obra románica orixinal; apenas un fragmento do muro meridional con algúns cancorros de factura sinxela baixo a cornixa. As numerosas reformas sufridas polo edificio inclúen unha torre pegada ao oeste e unha cúpula octogonal.

**ESP** San Pedro comparte cronología con la iglesia de San Cosme, y como todos los templos de Becerreá se sitúa en un paraje hermoso. Pero en este caso es muy poco lo que el concurrido santuario de Cadoalla conserva de la obra original románica; apenas un fragmento del muro meridional con algunos canecillos de factura sencilla bajo la cornisa. Las muchas reformas sufridas por el edificio incluyen una torre adosada al oeste y una cúpula octogonal.

**ENG** San Pedro shares chronology with the church of San Cosme, and like all the temples in Becerreá it is located in a beautiful place. But in this case very little of the original Romanesque work remains in the crowded sanctuary of Cadoalla; just a fragment of the southern wall with some simple corbels under the cornice. The many reforms suffered by the building include a tower attached to the west and an octagonal dome.



# SAN REMIXIO DE LIBER

GOOGLE MAPS



19 [35]  
ARCO TRIUNFAL



San Remixio é outro templo de cuxa orixe románica só quedan a súa cabeceira e a súa estrutura. Pero aquí non se descarta un pasado aínda máis remoto, xa que a fisonomía dos canzorros e un arco triunfal de forma próxima á ferradura suxiren unha construción prerrománica da que, probablemente, foron reutilizados varios elementos xa entrado o século XIII.

A ábsida é notablemente máis baixa que a nave, e os seus muros manteñen os mencionados canzorros de aspecto diverso.

**ESP** San Remixio es otro templo de cuyo origen románico solo quedan su cabecera y su estructura. Pero aquí no se descarta un pasado todavía más remoto, pues la fisonomía de los canecillos y un arco triunfal con forma cercana a la herradura hacen pensar en una construcción prerrománica de la que, probablemente, se reutilizaron varios elementos ya entrado el siglo XIII.

El ábside es notablemente más bajo que la nave, y sus muros mantienen los mencionados canecillos de apariencia diversa.

**ENG** San Remixio is another temple of whose Romanesque origin only its head and its structure remain. However an even more remote past cannot be ruled out here, since the physiognomy of the corbels and a triumphal arch with a shape close to a horse shoe suggest a pre-Romanesque construction from which, probably, several elements were reused well into the 13th century.

The apse is notably lower than the nave, and its walls maintain the aforementioned corbels of different appearance.

# SANTA MARINA DE VILOUTA

GOOGLE MAPS



19 [36]  
INTERIOR DA NAVE



De novo un templo rural procedente do Románico tardío, e de novo unha ábsida medieval que permanece en pé nun edificio moi modificado ao longo dos séculos e que conta con varias dependencias anexas. Ao igual que en San Remixio, a altura e a anchura da cabeceira son inferiores ás da nave e unha serie de canzorros de talla basta sostén a cornixa do semicírculo, pero aquí o arco triunfal é de medio punto e nada remite aos tempos prerrománicos.

**ESP** De nuevo un templo rural proveniente del románico tardío, y de nuevo un ábside medieval que se mantiene en pie en un edificio muy modificado por los siglos y con varias dependencias adosadas. Como en San Remixio, la altura y la anchura de la cabecera son menores que las de la nave y una serie de canecillos de talla tosca sostiene la cornisa del semicírculo, pero el arco triunfal es aquí de medio punto y nada remite a los tiempos prerrománicos.

**ENG** Once again a rural temple from the late Romanesque period, and once again a medieval apse that remains standing in a building that has been greatly modified over the centuries and with several adjoining rooms. As in San Remixio, the height and width of the head are lower than those of the nave and a series of roughly carved corbels supports the cornice of the semicircle, but the triumphal arch here is semicircular and nothing refers to pre-Romanesque times.





# CASTELO de CARBEDO







20 [37-38]  
VISTAS DO CASTELO E O CONTORNO

Como acontece coa torre de Doncos, resultan impresionantes as pedras do antigo castelo de Carbedo encaixadas nun cumio rochoso da serra do Courel. Pero, por desgraza, esta espectacular fotoxenia non se traduciu nun interese equivalente polo monumento.

Julio Vázquez Castro, no libro *El Castillo de O Courel y la arquitectura militar de la Orden de Santiago en Galicia*, expón información valiosa sobre a historia do bastión, do que existe unha mención documental xa en 1181, cando un nobre o cede á orde militar de Santiago. Foi a primeira fortificación dos santiaguistas en Galicia e ocupaba un lugar que probablemente fora estratéxico dende os tempos dos romanos, que segundo Vázquez Castro puideron ter aquí un posto de vixilancia. Xa no século XIV, o baluarte debeu convivir con outra fortaleza próxima nos Ancares, da que se descoñece a localización exacta.

Da Orde de Santiago formaron parte os *visitadores*, encargados de inspeccionar periodicamente os bens da institución e de deixar constancia escrita tanto do seu estado como da vida e virtude dos frades. Consérvanse informes posteriores a 1500 que describen con certo detalle como era entón a fortaleza, o seu patio, a súa capela, a súa torre da homenaxe e as súas dependencias, aínda que a súa estrutura básica xa debeu existir no século XII, no momento de ser doada á orde militar.

Sabemos tamén, polos mesmos documentos, que no século XVI realizáronse obras de mejora e construíuse unha torre circular, pero a finais desa centuria xa eran evidentes o deterioro e a necesidade de reparacións que nunca chegarán a realizarse. Abandonado e ruinoso, o vello castelo será ademais espoliado por algúns veciños da zona, que toman as súas pedras para outras construcións, e alcanzará os nosos días desdentado e maltreito, envolto nunha aura romántica.

**ESP** Al igual que ocurre con la torre de Doncos, resultan impactantes las piedras del anciano castillo de Carbedo incrustadas en una cumbre rocosa de la sierra de O Courel. Pero, por desgracia, esa espectacular fotogenia no se ha traducido en un interés equivalente hacia el monumento.

Julio Vázquez Castro, en el libro *El castillo de O Courel y la arquitectura militar de la Orden de Santiago en Galicia*, expone información valiosa sobre la historia del bastión, del que existe una mención documental ya en 1181, cuando un noble lo cede a la joven orden militar de Santiago. Se trataba de la primera fortificación de los santiaguistas en Galicia y ocupaba un emplazamiento que probablemente había sido estratégico desde tiempos de los romanos, quienes, según Vázquez Castro, pudieron tener aquí algún puesto de vigilancia. Ya en el siglo XIV, el baluarte debió de convivir con otra fortaleza próxima en Os Ancares, cuya ubicación exacta se desconoce.

De la Orden de Santiago formaban parte los *visitadores*, encargados de inspeccionar periódicamente las posesiones de la institución y dejar constancia escrita tanto de su estado como de la vida y la virtud de los freires. Se conservan informes posteriores a 1500 que describen con cierto detalle cómo era entonces la fortaleza, su patio, su capilla, su torre del homenaje y sus dependencias, aunque su estructura básica debía de existir ya en el siglo XII, al momento de ser donada a la orden militar.

Sabemos también, gracias a los mismos documentos, que en el XVI se realizaron obras de mejora y se levantó un torreón circular, pero a finales de esa centuria ya se hacen evidentes el deterioro y la necesidad de reparaciones que no se llegarán a realizar. Abandonado y ruinoso, el viejo castillo será además esquilado por algunos vecinos de la zona, que toman sus piedras para otras construcciones, y alcanzará nuestros días desdentado y maltrecho, envuelto en un aura romántica.

**ENG** As with the tower of Doncos, the stones of the ancient castle of Carbedo embedded in a rocky summit of the O Courel mountain range are impressive. But unfortunately, this spectacular photogenic image has not translated into an equivalent interest in the monument.

Julio Vázquez Castro, in his book *El Castillo de O Courel y la arquitectura militar de la Orden de Santiago en Galicia*, provides valuable information about the history of the bastion, of which there is documentary mention as early as 1181, when a nobleman ceded it to the young military Order of Santiago. It was the first fortification of Santiaguistas in Galicia and it occupied a site that had probably been strategic since Roman times, who, according to Vázquez Castro, may have had a surveillance post here. Already in the 14th century, the bastion must have coexisted with another nearby fortress in Os Ancares, whose exact location is unknown.

The *visitadores* were part of the Order of Santiago, in charge of periodically inspecting the possessions of the institution and providing a written record of both their status and the life and virtue of the friars. Reports after 1500 are preserved that describe in some detail what the fortress, its courtyard, its chapel, its homage tower and its dependencies were like then, although its basic structure must have already existed in the 12th century, when it was donated to the military order.

We also know, thanks to the same documents, that improvement works were carried out in the 16th century and a circular tower was built, but at the end of that century the deterioration and the need for repairs that were never carried out were already evident. Abandoned and dilapidated, the old castle will also be spoiled by some residents of the area, who take its stones for other constructions, and it will reach our days badly damaged and battered, wrapped in a romantic aura.

## CASTELO DE CARBEDO

GOOGLE MAPS





SAN PEDRO DE ESPERANTE DE LUGO DEPUTACIÓN DE LUGO

GOOGLE MAPS



20 [39] VISTA XERAL

**M**oi preto do castelo de Carbedo, e a poucos quilómetros da idílica devesa da Rogueira, érguese San Pedro de Esperante, unha igrexa cuxa data é difícil de determinar, pero con trazos medievais ben visibles a pesar das reformas modernas. Entre elas están a incorporación de dúas capelas e a construción dun pórtico, mentres que algúns fragmentos laterais e a fachada oeste manteñen a fábrica románica. A espadana parece ser orixinal, así como a porta de acceso que se abre máis abaixo e que hoxe aparece tapiada.

**ESP** Muy próxima al castillo de Carbedo, y a escasos kilómetros de la idílica devesa da Rogueira, se alza San Pedro de Esperante, una iglesia cuya datación resulta difícil de precisar, pero con rasgos medievales bien visibles a pesar de las reformas modernas. Estas incluyen la adición de dos capillas y la construcción de un pórtico, mientras que algunos fragmentos laterales y la fachada oeste mantienen la fábrica románica. La espadaña parece ser original, al igual que la puerta de acceso que se abre más abajo y que hoy aparece tapiada.

**ENG** Very close to the castle of Carbedo, and a few kilometers from the idyllic devesa da Rogueira, stands San Pedro de Esperante, a church whose dating is difficult to determine, but with medieval features clearly visible despite modern reforms. These include the addition of two chapels and the construction of a portico, while some lateral fragments and the west façade maintain the Romanesque fabric. The belfry seems to be original, as does the access door that opens further down and which today appears walled up.

SANTA MARÍA DE MEIRAOS DE LUGO DEPUTACIÓN DE LUGO

GOOGLE MAPS



20 [40] VISTA XERAL

**O**de Meiraos é un templo barroco, aínda que parece posible que no seu lugar existise algún santuario ou recinto de culto en tempos remotos. A igrexa, que tivo noutroira importancia para a Orde de Santiago, garda no seu interior unha talla románica da Virxe cuxa factura fai pensar que pode datar do século XIII. Na Idade Moderna, o aspecto da peza medieval foi alterado con mutilacións e engadidos dos que hoxe está libre.

**ESP** El de Meiraos es un templo barroco, aunque parece posible que en su emplazamiento haya existido algún santuario o lugar de culto en épocas remotas. La iglesia, que tuvo en tiempos importancia para la Orden de Santiago, guarda en su interior una talla románica de la Virgen cuya factura hace pensar que puede datar del siglo XIII. En la Edad Moderna, el aspecto de la pieza medieval fue alterado con mutilaciones y aditamentos de los que hoy está libre.

**ENG** Meiraos is a baroque temple, although it seems possible that a sanctuary or place of worship may have existed on its site in remote times. The church, which was once important for the Order of Santiago, keeps inside a Romanesque carving of the Virgin whose execution suggests that it may date from the 13th century. In the Modern Age, the appearance of the medieval piece was altered with mutilations and additions of which it is free today.





# SAN PEDRO EIZ do HOSPITAL





# SAN PEDRO FIZ DO HOSPITAL

21 [41-42-43]  
 PORTA OESTE  
 ENTRADA NO EDIFICIO ANEXO  
 XANELA DA ÁBSIDA

GOOGLE MAPS



Merecía a paisaxe maxestosa do Incio unha construción tan singular como o templo de San Pedro Fiz. Pertenceu á Orde de Malta, igual que a igrexa de Portomarín, e con esta, aínda que en menor medida, ten unha metade de feroz baluarte e outra de pura fermosura estética e simbólica, ambas feitas de mármore en lugar de granito. Os hospitalarios recibiron en doazón o mosteiro que existía aquí nalgún momento próximo a 1200, cando a igrexa aínda se construíra. O conxunto foi solidamente fortificado, pero iríanse perdendo varios dos seus elementos defensivos mentres o espléndido santuario románico se mantiña como templo parroquial tras a desaparición da encomenda da orde no século XIX. Chegou a nós en moi bo estado, aínda que non exento de reformas e engadidos como o pórtico do lateral sur.

O monumental portal oeste, en cuxo tímpano medieval quedou encaixado máis tarde o actual escudo, absorbe boa parte da atención coas súas catro arquivoltas e a moldura en zigzag que as abraza e descende polas xambas. Outra entrada de notable beleza ábrese no costado sur da nave e unha terceira, moito máis austera, faino ao norte. Ao leste apunta unha ábsida poligonal, e nun sepulcro gótico protexido pola nave descansa, dende o século XV, un comendador hospitalario chamado Álvaro de Quiroga.

**ESP** Merecía el paisaje majestuoso de O Incio una construcción tan singular como el templo de San Pedro Fiz. Perteneció a la Orden de Malta, como la iglesia de Portomarín, y al igual que esta, aunque en menor medida, tiene una mitad de fiero baluarte y otra de pura belleza estética y simbólica, ambas hechas de mármol en lugar de granito.

Los hospitalarios recibieron en donación el monasterio que existía aquí en algún momento cercano a 1200, cuando la iglesia aún estaba construyéndose. El conjunto fue sólidamente fortificado, pero se irían perdiendo varios de sus elementos defensivos mientras el espléndido santuario románico se mantenía como templo parroquial tras la desaparición de la encomienda de la orden, en el siglo XIX. Nos ha llegado en muy buen estado, aunque no libre de reformas y añadidos como el pórtico del lateral sur.

La monumental portada oeste, en cuyo tímpano medieval se encajó más tarde el actual escudo, absorbe buena parte de la atención con sus cuatro arquivoltas y la moldura en zigzag que las abraza y descende por las jambas. Otra entrada de notable belleza se abre en el costado sur de la nave, y una tercera, mucho más austera, lo hace al norte. Al levante apunta un ábside poligonal, y en un sepulcro gótico cobijado por la nave descansa, desde el siglo XV, un comendador hospitalario llamado Álvaro de Quiroga.




DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO





21 [44-45]  
INSCRICIÓN NO EDIFICIO  
ANEXO  
PORTA SUR

**ENG** The majestic landscape of O Incio deserved a construction as unique as the temple of San Pedro Fiz. It belonged to the Order of Malta, like the church of Portomarín, and like this one, although to a lesser extent, it has one half of fierce bastion and the other of pure aesthetic and symbolic beauty, both made of marble instead of granite.

The hospitallers received as a donation the monastery that existed here sometime around 1200, when the church was still being built. The complex was solidly fortified, but several of its defensive elements would be lost while the splendid Romanesque sanctuary remained as a parish church after the disappearance of the charge of the order in the 19th century. It has come to us in very good condition, although not free of reforms and additions such as the portico on the south side.

The monumental west portal, in whose medieval tympanum the current coat of arms was later fitted, absorbs much of the attention with its four archivolt and the zigzag molding that embraces them, and descends through the jambs. Another entrance of remarkable beauty opens on the south side of the nave, and a third, much more austere, opens to the north. A polygonal apse points to the east, and a hospitaller commander named Álvaro de Quiroga has rested in a Gothic tomb sheltered by the nave since the 15th century.







21 [46-47-48-49-50]  
 INTERIOR DA CABECEIRA  
 CAPITAIS DA ÁBSIDA  
 FRAGMENTO DUN ALTAR  
 DE DATAÇÃO INCERTA





# SAN CRISTOVO DA CERVELA

GOOGLE MAPS



20 [51-52]  
FACHADA OESTE  
XANELA

A igrexa de San Cristovo está situada entre montañas cargadas de pasado e lendas, e debeu ser construída xa no século XIII. O uso de certos detalles ornamentais, como as piñas, apunta a ese Románico tardío.

A portada oeste conta cunha dobre arquivolta rodeada por unha chambrana que só conserva unha parte do axadrezado, e entre o arco interior e as dúas mochetas encáxase un tímpano cunha gran cruz patada no seu centro. Sobre esta porta, e no mesmo medio da fachada occidental, ábrese un oco con decoración románica na que aparece de novo o ornamento disposto en cadros.

A nave conserva numerosos canzorros de talla xeométrica ou exentos de adorno, e no testeiro da ábsida permanece outra ventá completa, embelecida co recorrente axadrezado e pequenos grupos de bólas. No interior, o arco triunfal decora os seus capiteis con estilizados elementos vexetais de boa factura que remiten a San Pedro Fiz e outras construcións da comarca.

**ESP** La iglesia de San Cristovo está situada entre montes cargados de pasado y de leyendas, y debió de ser construida ya en el siglo XIII. El empleo de ciertos detalles ornamentales, como las piñas, apunta a ese románico tardío.


La portada oeste cuenta con una doble arquivolta rodeada por una chambrana de cuyo ajedrezado solo ha sobrevivido parte, y entre el arco interior y las dos mochetas se encaja un tímpano con una gran cruz patada en su centro. Sobre esta puerta, y en el mismo medio de la fachada occidental, se abre un vano con decoración románica en la que vuelve a aparecer el ornamento ajedrezado.

La nave conserva numerosos canecillos de talla geométrica o exentos de adorno, y en el testeiro del ábside permanece otra ventá completa, embelecida con el recorrente ajedrezado y pequeños grupos de bolas. En el interior, el arco triunfal decora sus capiteles con estilizados elementos vegetales de buena factura que remiten a San Pedro Fiz y otras construcciones de la comarca.

**ENG** The church of San Cristovo is located between mountains full of history and legends, and must have been built as early as the 13th century. The use of certain ornamental details, such as pineapples, points to that late Romanesque.

The west doorway has a double archivolt surrounded by a frame of which only part of the checkered pattern has survived, and between the interior arch and the two supports there is a tympanum with a large cross patée in its center. Above this door, and in the middle of the western façade, there is a span with Romanesque decoration in which the checkered ornament reappears.

The nave retains numerous corbels of geometric carving or free of ornament, and another complete window remains in the front of the apse, embellished with the recurrent checkered pattern and small groups of balls. Inside, the triumphal arch decorates its capitals with stylized plant elements well executed that refer to San Pedro Fiz and other buildings in the region.



DEPUTACIÓN DE LUGO



GOOGLE MAPS



# SAN VICENZO DE RUBIÁN DE CIMA

201 [53-54-55]  
 PORTA OCCIDENTAL  
 XANELA DA ÁBSIDA  
 CAPITEL

O aspecto que hoxe presenta San Vicenzo de Rubián de Cima difire notablemente do orixinal románico, pero consérvase parte da súa fábrica primitiva, e algúns dos elementos medievais foron reutilizados e relocalados no edificio. Este encontro de pezas anteriores e posteriores apréciase no portal principal, cuxa parte superior non parece corresponder cos elementos inferiores e cuxos arcos apuntados anuncian o nacente estilo gótico. É esta característica, xunto cos detalles decorativos, permite datar a obra nas primeiras décadas do século XIII, aínda que non con gran precisión.

Unha ventá da ábsida rectangular, hoxe cegada, si mantén a súa decoración orixinal, cun arco sostido por dúas pequenas columnas con capiteis labrados que mostran rostros humanos e paxaros afrontados. Polo demais, as modificacións de San Vicenzo, que inclúen a adición dunha sancristía no lado norte, afectaron ao volume da cabeceira e transformaron o arco triunfal interior.

**ESP** El aspecto que presenta en la actualidad San Vicenzo de Rubián de Cima difiere notablemente del original románico, pero se ha conservado parte de su fábrica primitiva, y algunos de los elementos medievales fueron reutilizados y reubicados en el edificio. Esa reunión de piezas anteriores y posteriores se puede apreciar en la portada principal, cuya parte superior no parece corresponderse con los elementos inferiores y cuyos arcos apuntados anuncian el naciente estilo gótico. Es esta característica la que, junto a los detalles ornamentales, permite datar la obra en las primeras décadas del siglo XIII, aunque no con mucha precisión. Una ventana del ábside rectangular, hoy cegada, si mantiene su decoración original, con un arco apoyado en dos pequeñas columnas de capiteles tallados que muestran rostros humanos y aves afrontadas. Por lo demás, las modificaciones de San Vicenzo, que incluyen la adición de una sacristía en el lado norte, han afectado al volumen de la cabecera y transformado el arco triunfal interior.

**ENG** The present appearance of San Vicenzo de Rubián de Cima differs markedly from the original Romanesque, but part of its primitive fabric has been preserved, and some of the medieval elements were reused and relocated in the building. This combination of earlier and later pieces can be seen in the main portal, whose upper part does not seem to correspond to the lower elements and whose pointed arches announce the nascent Gothic style. It is this characteristic that, together with the ornamental details, allows us to date the work to the first decades of the 13th century, although not with great precision.

A window in the rectangular apse, now covered up does maintain its original decoration, with an arch supported by two small columns with carved capitals showing human faces and birds facing each other. Otherwise, the modifications of San Vicenzo, which include the addition of a sacristy on the north side, have affected the volume of the head and transformed the interior triumphal arch.





GOOGLE MAPS



# SAN XULIÁN DE SANGALLA DE BARDAOS

20 [56-57]  
PORTA OESTE  
FACHADA PRINCIPAL

**A** parroquias veciñas de San Xoán e San Xulián de Bardaos contan con interesantes elementos patrimoniais. Na segunda delas, ademais de vestixios castrexos, hai un templo rural que na súa orixe foi románico e que hoxe, case totalmente reconstruído, mantén o portal medieval na súa fachada oeste. Certas reformas de ampliación da nave no século XVII afectaron á localización desa porta, que non perdeu a súa beleza e remite a outras obras do Incio como San Cristovo da Cervela.

Unha chambrana axadrezada rodea a maior de dúas arquivoltas que abrazan, á súa vez, un tímpano sinxelo no que hai tallado un pequeno arco. Apréciase unha cruz na clave da arquivolta menor, e nos capiteis das columnas que sosteñen a maior aparecen motivos vexetais esquemáticos, xunto a un par de aves de talla non especialmente hábil e unha decoración de bólas. Todo tería formado parte, segundo os investigadores, dun edificio levantado no último tramo do século XII.

**ESP** Las parroquias vecinas de San Xoán y San Xulián de Bardaos cuentan con elementos patrimoniales interesantes. En la segunda de ellas, además de vestigios castreños, se levanta un templo rural que en su origen fue románico y que hoy, casi completamente reconstruido, mantiene la portada medieval en su fachada oeste. Ciertas reformas para ampliar la nave afectaron en el siglo XVII a la ubicación de esa puerta, que no ha perdido su belleza y remite a otras obras de O Incio como San Cristovo da Cervela.

Una chambrana ajedrezada rodea la mayor de dos arquivoltas que abrazan, a su vez, un tímpano sencillo en el que hay tallado un pequeño arco. En la clave de la arquivolta menor se aprecia una cruz, y en los capiteles de las columnas que dan soporte a la mayor aparecen motivos vegetales esquemáticos junto a un par de aves de talla más bien tosca y una decoración de bolas. Todo habría formado parte, según los estudiosos, de un edificio erigido en el último tramo del siglo XII.

**ENG** The neighboring parishes of San Xoán and San Xulián de Bardaos have interesting heritage elements. In the second of them, in addition to castreño vestiges, there is a rural temple that was originally Romanesque and that today, almost completely rebuilt, maintains the medieval portal on its west façade. Certain reforms to enlarge the nave in the 17th century affected the location of that door, which has not lost its beauty and refers to other works in O Incio such as San Cristovo da Cervela. A checkered frame surrounds the larger of two archivoltas that embrace a simple tympanum in which a small arch is carved. A cross can be seen in the key of the smaller archivolt, and schematic plant motifs appear on the capitals of the columns that support the larger one, together with a couple of rather rough carved birds and a decoration of balls. Everything would have been part, according to scholars, of a building erected in the last section of the 12th century.



DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



# SANTA MARÍA DE GOÓ

GOOGLE MAPS



20 [58-59]

ÁBSIDA  
FACHADA OESTE

**D**o mesmo xeito que o de Santalla de Bardaos, o antigo templo de Santa María de Goó puido ser construído cara ao ano 1200 e pertencería ao Románico tardío, pero de novo temos que conformarnos cos fragmentos superviventes da obra medieval. O edificio actual presenta unha ábsida próxima á forma semicircular, pero é, en realidade, poligonal, con varios contrafortes que dividen en tramos o seu muro exterior. A parte superior está recorrida por unha serie de canchorros de labra ruda en lousa que continúan nos laterais da nave.

No lado norte hai unha estancia pegada á estrutura orixinal, e a fachada oeste parece reconstruída seguindo, en certa medida, a composición románica. Tamén no arco triunfal interior apreciaron os investigadores a intención de recompoñer o primitivo.

A toponimia da zona parece indicar a existencia dun vello mosteiro que podería estar relacionado coa igrexa de Goó e do que non se atoparon restos.

**ESP** Como el de Santalla de Bardaos, el viejo templo de Santa María de Goó habría sido construido en una fecha cercana a 1200 y pertenecería al románico tardío, pero de nuevo hemos de contentarnos con los fragmentos superviventes de la obra medieval. El actual edificio presenta un ábside que se aproxima a la forma semicircular pero es, en realidad, poligonal, con varios contrafortes que dividen en tramos su pared exterior. La parte superior es recorrida por una serie de canchillos de factura tosca y tallados en pizarra que continúa en los costados de la nave.

En el lado norte hay una dependencia adosada a la estructura original, y la fachada oeste parece haber sido reconstruida siguiendo, en cierta medida, la composición románica. También en el arco triunfal interior han apreciado los investigadores una intención de recomponer el primitivo. La toponimia de la zona parece sugerir la existencia de un lejano monasterio que pudo tener relación con la iglesia de Goó y cuyos restos no se han encontrado.

**ENG** Like that of Santalla de Bardaos, the old temple of Santa María de Goó would have been built around 1200 and would belong to the late Romanesque period, but once again we have to be content with the surviving fragments of the medieval work. The current building has an apse that is close to a semicircular shape but is actually polygonal, with several buttresses that divide its outer wall into sections. The upper part is crossed by a series of rough-hewn corbels carved in slate that continues on the sides of the nave.

On the north side there is a room attached to the original structure, and the west façade seems to have been rebuilt following, to a certain extent, the Romanesque composition. Also in the interior triumphal arch, researchers have appreciated an intention to recompose the original.

The toponymy of the area seems to suggest the existence of a distant monastery that could have been related to the church of Goó and whose remains have not been found.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



SAN  
MAMEDE  
DE  
VILASOUGO

GOOGLE MAPS



21 [60]  
PORTA OESTE



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

A igrexa de San Mamede non carece de encanto a pesar do seu percorrido accidentado a través dos séculos. Erixida probablemente a finais do XII, chegou ata nós cunha nave pegada ao seu lado sur e co portal primitivo, o seu único resto románico, moi desgastado e resgardado por un pórtico. A organización desta entrada aseméllase á doutras portas medievais do concello, co seu tímpano liso e as súas tres arquivoltas cinguidas por unha chambrana axadrezada.

**ESP** No está la iglesia de San Mamede exenta de encanto a pesar de su accidentado recorrido por los siglos. Erigida probablemente hacia el final del XII, nos ha llegado con una nave adosada a su costado meridional y con la portada primitiva, su único resto románico, severamente desgastada y resguardada por un pórtico. La organización de esta se asemeja a las de otras puertas medievales del municipio, con su tímpano liso y sus tres arquivoltas ceñidas por una chambrana ajedrezada.

**ENG** The church of San Mamede is not without charm despite its rugged journey through the centuries. Probably erected towards the end of the 12th century, it has come to us with a nave attached to its southern side and with its primitive portal, its only Romanesque remains, severely worn and sheltered by a portico. The organization of this resembles those of other medieval doors in the municipality, with its smooth tympanum and its three archivolts girded by a checkerboard frame.

SAN  
TOMÉ  
DE  
CASTELO  
DE  
SODOZA

GOOGLE MAPS



21 [61]  
VISTA XERAL



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

Ha uns anos, a igrexa de San Tomé estaba en estado ruinoso. Foi restaurada e puido volver formar un conxunto pintoresco co ádros, o cemiterio e a sempre fermosa paisaxe do Incio. O edificio sufriu profundas reformas que inclúen varias ampliacións e a adición dunha sacristía e un pórtico, sendo realmente escasos os fragmentos conservados do templo románico que un día se ergueu neste lugar. A súa factura permitiu aos expertos datar a construción no tramo final do século XII.

**ESP** Hace pocos años, la iglesia de San Tomé estaba en estado ruinoso. Fue restaurada y pudo volver a formar un pintoresco conjunto con el atrio, el cementerio y el siempre hermoso paisaje de O Incio. El edificio presenta profundas reformas que incluyen varias ampliaciones y la adición de una sacristía y un cabildo, siendo realmente escasos los fragmentos conservados del templo románico que un día se levantó en este lugar. Su factura ha permitido a los expertos datar aquella construcción en el tramo final del siglo XII.

**ENG** A few years ago, the church of San Tomé was in a dilapidated state. It was restored and was able to re-form a picturesque ensemble with the atrium, the cemetery and the always beautiful landscape of O Incio. The building has undergone profound reforms that include several extensions and the addition of a sacristy and a canonry, being really scarce the fragments of the Romanesque temple that one day was built in this place. Its execution has allowed experts to date that construction to the final stretch of the 12th century.





# SANTA MARÍA A REAL





GOOGLE MAPS



SANTA  
MARÍA  
A REAL

22 [62-63-64]  
VISTA AÉREA DO CONTORNO  
CÁLIZ E PATENA DO MILAGRE  
PIÁ BAUTISMAL

**A** arte románica non existía cando se construíu Santa María nos cumes do Cebreiro. Era, quizais, o século IX, e alí instalouse un grupo de monxes para axudar aos devotos que penosamente percorrían a nascente ruta a Compostela. Tamén para guiar aos camiñantes extraviados nas montañas xeadas dos Ancares tocando as campás do mosteiro. Moito máis tarde, arredor do 1300, ía correr por Europa a noticia do milagre eucarístico que daría fama ao lugar.

Casé milagroso podería considerarse tamén que o edificio siga en pé despois dunha historia de abandonos, ruínas e reparacións. Aínda que a construción orixinal é prerrománica, sufriu reformas cando os monxes franceses de Aurillac se fixeron cargo do mosteiro a finais do século XI, e foron incorporados elementos de sabor románico. Pero son dúas pequenas pezas medievais, o cáliz e a patena nos que se obrou o prodixio, as que serven de símbolo ao Cebreiro e tamén a Galicia, en cuxo escudo aparecen. O mesmo episodio está vencellado a unha talla da Virxe que, segundo a lenda, inclinou a cabeza no momento en que o pan e o viño tornaban en carne e sangue.

**ESP** El arte románico no existía cuando se levantó Santa María en las cumbres de O Cebreiro. Era, quizá, el siglo IX, y un grupo de monjes se asentaba allí para auxiliar a los devotos que penosamente recorrían la nascente ruta a Compostela. También para orientar a los caminantes extraviados en las heladas montañas de Os Ancares haciendo sonar las campanas del monasterio. Mucho después, alrededor de 1300, correría por Europa la noticia del milagro eucarístico que iba a dar fama al lugar.

Casi milagroso se podría considerar también que la edificación siga en pie tras toda una historia de abandonos, ruinas y reparaciones. Aunque la construcción original es prerrománica, sufrió reformas cuando los monjes franceses de Aurillac se hicieron cargo del monasterio, a finales del siglo XI, y se incorporaron elementos de sabor románico. Pero son dos pequeñas piezas medievales, el cáliz y la patena en que se obró el portentoso, las que sirven de símbolo a O Cebreiro y también a Galicia, en cuyo escudo se muestran. Al mismo episodio se vincula una talla de la Virgen que, según la leyenda, inclinó la cabeza en el momento en que el pan y el vino se tornaron carne y sangre.

**ENG** Romanesque art did not exist when Santa María was erected on the summits of O Cebreiro. It was, perhaps, the ninth century, and a group of monks settled there to help the devotees who painfully travelled the nascent route to Compostela. Also to guide walkers lost in the icy mountains of Os Ancares by ringing the bells of the monastery. Much later, around 1300, the news of the Eucharistic miracle that was to give fame to the place would spread through Europe.

It would also be almost miraculous to see the building still standing after a whole history of abandonment, ruins and repairs. Although the original construction is pre-Romanesque, it underwent reforms when the French monks of Aurillac took over the monastery at the end of the 11th century, and Romanesque elements were incorporated. But they are two small medieval pieces, the chalice and the paten in which the prodigy was made, which serve as a symbol to O Cebreiro and also to Galicia, in whose shield they are shown. The same episode is linked to a carving of the Virgin who, according to legend, bowed her head at the moment when the bread and wine became flesh and blood.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

DEPUTACIÓN  
DE LUGO

DEPUTACIÓN  
DE LUGO





# SAN XOÁN DO HOSPITAL

22 [65-66-67]  
FACHADA OESTE  
CAMPANARIO

Tamén na montaña lucense agarda aos camiñantes Hospital da Condese, unha pequena aldea situada moi por riba dos mil metros. A tradición atribúelle á condese Egilo a fundación do hospital ao que fai referencia o topónimo, dedicado a atender aos maltreitos peregrinos que loxaban ascender ás alturas do Cebreiro. Hoxe non queda rastro de aquel edificio, posiblemente construído no século X, pero si a igrexa románica do XII, que unha reforma nos pasados anos sesenta rescatou dos estragos do tempo. De gran sobriedade, nave única e fábrica de cachotería, o seu carácter estético débese, sobre todo, á torre-pórtico que a relaciona con Santa María a Real. Parece ser un elemento procedente do Románico francés que se explicaría pola presenza no Cebreiro dos monxes de Aurillac.

Algúns indicios e certos topónimos da zona fixeron que os estudosos considerasen posible o vencello do lugar cunha orde militar, nalgún tempo.

**ESP** También en las montañas lucenses espera a los caminantes Hospital da Condese, una pequeña aldea situada muy por encima de los mil metros. La tradición atribuye a la condese Egilo la fundación del hospital al que hace referencia el topónimo, dedicado a atender a los maltrechos peregrinos que conseguían ascender a las alturas de O Cebreiro. No queda hoy rastro de aquel edificio levantado, posiblemente, en el siglo IX, pero sí la iglesia románica del XII, a la que una reforma en los pasados años sesenta rescató de los estragos del tiempo. De gran sobriedad, nave única y fábrica de cachotería, su carácter estético se debe, sobre todo, a la recia torre-pórtico que la relaciona con Santa María a Real. Parece tratarse de un elemento procedente del románico francés que se explicaría por la presencia en O Cebreiro de los monjes de Aurillac.

Algunas pistas y ciertos topónimos de la zona han hecho que los estudiosos consideren posible la vinculación del lugar a una orden militar, en algún tiempo.

**ENG** Also in the mountains of Lugo awaits the walkers Hospital da Condese, a small village located well above a thousand meters. Tradition attributes to Countess Egilo the foundation of the hospital to which the toponym refers, dedicated to caring for the battered pilgrims who managed to ascend to the heights of O Cebreiro. Today there is no trace of that building erected, possibly in the ninth century, but the Romanesque church of the twelfth, which a reform in the past sixties rescued from the ravages of time. Of great sobriety, unique nave and masonry fabric, its aesthetic character is due, above all, to the strong tower-porch that relates it to Santa María la Real. It seems to be an element from the French Romanesque that could be explained by the presence in O Cebreiro of the monks of Aurillac.

Some clues and certain toponyms in the area have made it possible for scholars to link the place to a military order, at some time.





SAN LORENZO DE PACIOS DE LUGO

GOOGLE MAPS



22 [68] VISTA XERAL



DEPUTACIÓN DE LUGO

Otra torre érguese na parroquia de San Lorenzo de Pacios. Pertence a unha igrexa cuxa datación orixinal parece corresponder ao século XIII, aínda que a fisonomía do antigo templo chegou ata nós modificada por avatares e reformas. Pegado á súa parte oeste atópase un pazo a cuxo antecesor parece deberse o nome do lugar. O edificio, dunha soa nave e ábsida semicircular, mantén a sinxeleza que caracteriza ao resto de igrexas do concello: está tamén feito de cachotería e igualmente libre de ornamentos.

